

Dionisio Pereira

‘Puxen en letra o que por baixo me contou moita xente’

Declárase emocionado coa maré de mensaxes de solidariedade e quere que conste o seu agradecement a todos eles. No fondo da denuncia presentada, cun acto de conciliación previo a unha demanda civil, o historiador Dionisio Pereira, cree que hai unha reacción da dereita extrema, “é un fenómeno moi habitual nos pequenos concellos rurais do interior do país onde nunca se deslexitimou o franquismo”.



PACO VILABARROS

Leva moitos anos traballando en múltiples investigacións e tamén na recuperación da memoria histórica en Cerdedo. Que motiva esta denuncia que agora se sustancia nun acto previo de conciliación?

Cando fomos vivir hai quince anos a Cerdedo xa me faláron da familia do que foi alcalde nos anos cincuenta durante un longo período. Pero Manuel Gutiérrez tamén foi xefe local de Falanxe durante a guerra e xuíz municipal a finais dos corenta. Non embargante eu nunca centrei o meu traballo de investigación nel. Hai tres ou catro

anos empecei a facer entrevistas con xente significativa e coincidindo coa creación da asociación cultural e ecoloxista Verbo Xido unha das actividades centrouse na recuperación da memoria histórica. Os dous traballos que motivan esta situación foron realizados cando se me pide unha colaboración no Congreso de Memoria Histórica de Narón, na que reunín todos os materiais que tiña realizado, con fontes orais e hemerográficas. Sen ser o centro do investigado ten un bloque sobre a represión en Cerdedo. En 2006, co gallo do Ano da Memoria, decidimos sacar

un libro sobre a República e a represión en Cerdedo, que era unha ampliación da recopilación presentada en Narón, con máis información e xa co relato dos feitos represivos máis importantes, singularmente os paseos que se produciron o 11 e o 12 de agosto de 1936. Conservouse a información, pero redactouse con máis reserva: “persoas *presuntamente* relacionadas” ou falando de “diversas formas de represión”. O cambio de formato foi máis medido porque a distribución daquelas actas non tería repercusión local pero o libro si fa ser moi coñecido e queríamos

cubrir aos informantes e non provocar conflitos xurídicos.

En certo sentido cuestionábase a utilización da memoria oral e a responsabilidade dun investigador de discernir sobre a validez das testemuñas non documentais?

É moi delicado e opinábel. Centrándonos na represión mortal hai actos como os consellos de guerra no que todo fica documentado por escrito e desque se abriron os arquivos militares estamos traballando moito neles. Despois están aquelas situacións nas que algún tipo de institución armada –sexa Garda Civil ou Exército– intervéñe e dá lugar a causas. Onde é moi difícil que fiquen documento é nos primeiros momentos de confusión absoluta e nos que interviron unicamente civís. Iso sucedeu nos paseos do 11 de agosto de 1936, cando matan a tres persoas de Cerdedo e dúas de Soutelo de Montes e o 12 de agosto onde constan de entrada outros dous mortos. Cóstanos que interveñen *cívicos* de Vitor Lis Quibén e falanxistas cerdedenses. Que saibamos a Garda Civil só aparece levantando os cadáveres. Cando interveñen civís en execucións paralegais, roubos, malleiras e humillacións vai ser difícilísimo que haxa fontes documentais. Daquela un ten que decidir. Pódese discutir se é rigoroso ou conveniente pero sabendo que en poucos anos xa non haberá informantes. Debemos calar, manter a impunidade ou dar un paso adiante? Elixín isto último porque quería poñer en alto o que por baixo me contou moita xente, uns con entrevistas en forma outros con máis informalidade. Quixen tamén dar satisfacción a quen levaba cincuenta anos calada.

Sobre ningún destes delitos hai posibilidade de encausamento ou investigación xudicial por prescripción ou por amnistía. A orientación tampouco foi a búsqueda dos represores.

Non podo controlar o que se escribe, pero sei que pouco menos que algún medio presentoume como *cazafalanxistas* cando non é así. O apartado onde aparecen os presuntos implicados apenas é unha referencia mínima no conxunto do traballo, que é unha achega de investigación local aberta para que outros continúan. En absoluto tivo arelas de ser esta cuestión polémica o cerne daquel traballo nin dentro do meu afán de investigador lle dou especial relevancia nin quero xogar ese papel.

Para situar mellor o contexto no que se desenvolve esta denuncia hai que lembrar que, cando se inaugurou un monumento aos represaliados, ao pouco foi destruído.

Hai unha situación preocupante, que sinalou nunha nota o grupo local do BNG. Falo de Cerdedo pero pode ser caso da grande maioría dos concellos rurais do interior de Galiza, nos que ninguén vai escribir a súa historia. Alí nunca foi deslexitimado o franquismo e mercé ás actividades de

Verbo Xido ou porque parte da poboación sinte a necesidade de recuperar ese Cerdedo democrático, rebelde, no que houbo un agrarismo socialista e anarquista nos anos 30 de importancia, con moitos canteiros que loitaron polos seus dereitos. Recuperar ese Cerdedo liberal, democrático atopou resistencias na parte máis escura da sociedade cerdedense. Desde hai un tempo vívense circunstancias preocupantes. Hai ano e medio, cando o novo alcalde tomou posesión, houbo unha homenaxe a todos os concelleiros da transición, incluído un antigo alcalde franquista. Varios concelleiros socialistas e do BNG negámonos a recibir esa insignia porque un alcalde franquista non é un referente democrático. Na miña etapa de concelleiro aprobouse unha proposta que fixen de erguer un monumento a todas as vítimas da guerra civil, todas, e aínda sendo un acordo municipal taxativo aínda non se fixo. Cando máis adiante Verbo Xido decidiu facer un monumento a dous canteiros paseados o 12 de agosto de 1936 en Pedre, o mesmo día houbo un incendio provocado a mantenta para destruír o monumento, e igual-

mente seguimos diante dos actos. Unha semana despois apareceu esnafrado por un grupo de fascistas que ben coñecemos. Outro evento: cando a filla do mestre represaliado Francisco Buela declarou no *Faro de Vigo*, libremente, que a seu pai foino buscar un dos que agora está implicado nesta instancia e un garda civil, as presións que houbo non se

poden contar e mesmo se chamou ao xornal desde o concello, con maneiras autoritarias, para que se rectificase destacadamente. En abril de 2006 o BNG pediu a retirada dunha placa ao alcalde Manuel Gutiérrez Torres, e sorprendentemente todos os grupos o apoiaron, pero a campaña que fixo a familia conseguiu evitalo e que o PP en decembro de 2006 revocase aquel acordo. Este repregue do PP fronte á dereita máis escura de Cerdedo está detrás destas denuncias xudiciais.

Coñécense poucos casos recentes de persecución dun historiador por investigar.

Téñenme contado casos polo estado español adiante, e tamén a obriga da retirada da páxina web dun exiliado do Grobe en Francia onde se contaban en primeira persoa actividades represivas dun grupo de veciños. Tamén sei de historiadores ameazados por entornos de familiares se continúan a exercer a súa liberdade de expresión.

Todo isto hai que encaixalo na presión contra a revisión histórica do franquismo?

Hai unha tentativa de amedrentamento e xeral e un ataque aos que queremos demostrar que a recuperación da memoria histórica non só é unha necesidade de saldar o pasado, tamén é unha ferramenta para construír un mundo mellor e iso é o que lles preocupa. ♦

‘Sabendo que en poucos anos xa non haberá informantes, debemos calar, manter a impunidade ou dar un paso adiante?’